

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 12 DE DECEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00052483R.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00052440G.**

Solicitude 2ª convocatoria PERTE dixitalización do ciclo da auga

Acórdase:

1. A participación do Concello de Santiago de Compostela na “*Segunda convocatoria de subvenciones (2023) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*” co proxecto titulado “Xestión intelixente do ciclo urbano da auga de Santiago de Compostela-SMARTiAuGA” cun orzamento total de:

PARTIDAS	2024	2025	2026	TOTAL
Persoal	118.721,42	141.167,19	67.192,69	327.081,30
Subcontratación	526.202,56	1.179.683,97	266.198,42	1.972.084,95
Costes indirectos	4.748,86	5.646,69	2.687,71	13.083,25
Auditoría	6.000,00	6.000,00	6.000,00	18.000,00
Materiais (inventariable)	811.568,53	811.568,53	0,00	1.623.137,07
TOTAL	1.467.241,37	2.144.066,38	342.078,82	3.953.386,56

2. A aceptación do procedemento regulado pola “*Orden TED/919/2023, de 21 de julio, por la que se modifican las bases reguladoras de la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia; y se aprueba la segunda convocatoria de subvenciones (2023).*”
3. O compromiso do Concello de Santiago de Compostela na disposición dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada unha vez posta en marcha e durante alomenos os primeiros cinco (5) anos de actividade.

3. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00052425N.**

Validación (2) facturas de telefónica 2023/3060 e 2023/3061

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL VINTESETE EUROS CON COARENTA E OITO CÉNTIMOS (13.027,48 €) segundo relación contable de facturas S/2023/296 que se achega no expediente, e que comeza pola factura núm. F/2023/3060 por importe de 11.718,91 euros, e remata pola factura núm. F/20223/3061 por importe de 1.308,57, todas elas emitidas por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU (CIF núm. U87609103).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

4. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00052016V.**

Corrección de erro de acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2022 de validación da función interventora de (14) facturas de Telefonica.

Rectifícase o erro material existente no título da proposta de acordo de validación da omisión da función interventora do expediente 2023/00052016V, e no título do acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago do 11.12.2023, de xeito que:

Onde di: “Proposta á Xunta de Goberno Local informe ofi 1737/2023 para S/2023/324 con 14 facturas de telefónica”.

Debe dicir: “Proposta á Xunta de Goberno Local informe ofi 1737/2023 para S/2023/329 con 14 facturas de Telefónica”.

5. IGUALDADE-MULLER. Referencia: **2023/00030871D.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. para o ano 2023.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 050 23102 4890001 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00017378V.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2023.


Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800002 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

7. DEPORTES. Referencia: **2023/00014496X.**

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia” para o ano 2023.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

“SPECIAL OLYMPICS GALICIA” do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 3.500 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890004.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” por importe de 3.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890004.